



Concello de Celanova

DECRETO DE ALCALDÍA
ASUNTO: Incoación de expediente de subvención.
EXPT. NÚM: 1227/2020

Coa finalidade de poder contribuír a minimizar os efectos económicos que o tecido empresarial celanovés está a provocar a emerxencia sanitaria derivada da COVID-19, especialmente sobre aqueles autónomos e empresas obrigadas a pechar dos seus establecementos, así como aqueles afectados polas prohibicións e restricións no exercicio da súa actividade, este Concello, ten decidido crear unhas axudas.

O Concello de Celanova considera prioritario empregar os instrumentos precisos para frear a deterioración que está a sufrir a economía local, tratando de paliar así o sufrimento humano que por motivos tamén económicos está a provocar esta situación de pandemia.

Esta liña de axudas márcanse como obxectivo outorgar liquidez as actividades económicas aquí radicadas nos termos que se sinalarán no expediente que cando o efecto se realice, para contribuír ao mantemento da actividade económica local, ao emprego, facilitar o cumprimento das obrigas empresariais e conseguir o antes posible unha reactivación da economía da nosa vila.

Debemos poñer a disposición da cidadanía os medios ao noso alcance para mitigar o enorme custo da pandemia en empresas e traballadores contribuíndo a que a actividade recupere o seu pulso habitual e alcance nun tempo o máis breve posible o seu nivel anterior.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía, en base o disposto no artigo 21.1 que se establece no Decreto 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVE:

PRIMEIRO: Acordar a incoación do expediente de concesión de subvencións a PEMES e Autónomos do Concello de Celanova.

Mándao e asíno o alcalde, Antonio Puga Rodríguez, en Celanova, o día indicado no prazo de marxe. Dou fe, a secretaria.

ANTONIO PUGA RODRÍGUEZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 12/11/2020
HASH: a130282530c4915498789fa732693256



María Álvarez Alvar (2 para 2)
Secretaria
Data de Sinatura: 12/11/2020
HASH: 0a6f14950e416d28311ce2274822f06f

